

Reciclapoemas
Poemas sobre a reciclaxe
2018/2019

1º ESO

CPI de San Sadurniño

Estes son os acrósticos colectivos elaborados polo alumnado de 1º de secundaria ata o momento.
Agardamos que vos gusten!



Árbores da natureza,
Mar dos océanos,
Bechos do mundo,
Illa do mar,
Escola dos nenos,
Natureza deste planeta,
Terra da vida...
Ecoloxía: mellora a vida.

Reciclar salva o ambiente

E ti procura non contaminar o mundo.

Coa túa axuda faremos un mundo mellor

Incorpórate á causa: recicla!

Colle plástico e tírao ao lixo.

Lévalo ao seu sitio e...

O mundo será mellor.

Porque non o facemos
Levamos todo fatal.
Aínda podemos cambiar,
Se te animas porque...
Todos podemos axudar.
Indo día tras día
Consegurémolo e faremos
O mundo un lugar mellor.

Papel e cartón
Ao azul corresponde
Pensa antes de tirar.
Estando xuntos ímolo
Lostrar.

Penso que é fantástico
Levar os plásticos
A reciclar.
Se non
Temos todo contaminado.
Imos mellorar o mundo,
Coas nosas mans
O mundo a mellor irá... Xa o verás!

Conto as árbores

Orixinais e fermososas

Nas ventás da clase


Se no queres acabar coa paisaxe:
recicla.

E se reciclamos máis cartos
aforramos.

Reciclar é moi importante.

Veña, pensa: axúdache a ter limpa
a paisaxe.

Ánimos compañeir@s



Reciclo, non paro de reciclar

E continuo reciclando.

Collo tapóns.

Intento reciclar para mellorar.

Canto máis reciclar menos limpar.

Logo xa sabes:

Onde se pode reciclar?

Reciclando pódese facer un mellor mundo,

Económico, fermoso,

Ulindo a flores nas mañás.

Tirando os plásticos ao lixo,

Intentando novos proxectos,

Limpando rúas,

Intentando colaborar

Zapatos e roupa tamén.

Andando porque xa estamos a comezar.

Rápid@s a reciclar!

Non contamines

O medio ambiente depende de

Nós.

Consigamos que

O entorno mellore.

Non tires lixo.

Tampouco contamines

Aos océanos de todo o noso


Mundo.

Intenta só

Non

Empeorar hoxe por hoxe... a

Situación.



Os nenos e nenas de Sansa

Sabemos que de cores

Tres colectores hai.

Reciclamos plásticos, aceite, papeliños e tapóns.

E sabémonos

Salvando o mundo pasiño a pasiño... Simplemente

RRReciclando.

Reciclaxe útil e proveitosa.
Económica e axeitada,
Útil e adecuada.
Tíra nos colectores adecuados,
Intenta axudar o medio,
Lembra reutilizar.
Intenta de todo reciclar:
Zapatos e demais.
Axuda a limpar o hábitat.
Recorda, é sinxelo: non contaminar!

Colector fermoso para reciclar.

Os nenos e os adultos todos nisto andamos.

Lembradevos sempre das funcións dos colectores e das súas cores.

Empezando cun pequeno brick.

Con coidado e amor

Teremos un mundo mellor,

Onde poidamos ben vivir e vivir ben.

Reciclemos!

